

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 8 de outubro de 2006.-

Na praia de Santa Comba

Dunha estirpe de pingas, egrexias moléculas de bravura, naciches, meu mar. De innúmeras tonalidades, concordante melodía de cores, foi a túa ascendencia. Qué tes que a humanidade toda leva séculos a intentar descifrar os misterios da túa melodía, esa cantiga da que nin sequera se puido descifrar o pentagrama no que está escrita. Sinfonía de acordes múltiples, todos os artistas que no mundo se tiveron por tales quixeron copiar a túa tan altiva grandeza, porque ti, meu mar, non coñeces de humildades, e ás veces apareces bravo, ou preséntaste manso, e podes ser traizoeiro, e aberto, e baixo, e alto, e calmo, e rizado... Sempre imprevisíbel e descoñecido, sempre teimudo e ousado.

Mar albatros, mar arao, mar gaiyota, mar pelicano, mar anguía, peixe espada, arroaz, balea, ourizo, centola, raia... Acaso alguén pode dicir que coñece a túa verdadeira faciana? Non sabes de moldes, nin de fronteiras e tampouco non sabes de lindeiros. Non tes portas nin xanelas. Onde comezas ti, meu mar, e onde comeza o vento? Seredes quizais unha mesma cousa? Cómo sabelo?

Cantan as brisas no seu xogo coas túas ondas e as túas escumas. Cantan mentres se enredan unha vez e outra máis na coreografía da algas e do salitre, no baile do caranguexo coa nécora, no amor do caramuxo coa lapa, señorita silandeira e solitaria, na loita escura e clandestina da rocha

contra o temporal que teima en derribala. Ai, meu mar, parécesme moitas veces a indignada forza da natureza desbordada.

Mar marusía, mar bravo, mar forte, mar picado, mar rizado, mareira e roleira. Mar teso, mar tendido, mar calmo... Canción da vela e do vento, chalana, caiuco, bou, dorna de orgullosa e lixeira vela, mar flotador redondo do meniño que constrúe castelos na area sen saber aínda que unha das túas ondas vai derrubalos no momento en que ela queira.

Es, meu mar, canto de vento frío e rede ancha, de onda que inunda, de axilidade e de temporal. Ai daqueles amantes que quixeron desafiarte escribindo os seus nomes na area antes de que a suavidade dunha onda correra a borralos para sempre que ti, meu mar, non te deixas anotar, nin cantar, nin pintar. Será por iso que sempre soubeches atraer a atención de músicos, pintores e poetas? Será por iso que Homero botou a Ulises a navegarte na Odisea, igual que agora un cativo fai a botadura solemne dun barquiño de papel na soleada tarde de verán dunha dársena baleira?

Porque ti, meu mar, es porto, e es peirao, e es lonxa, e remo, e boia, e faro, e es nasa, e rede, e es un horizonte que nunca se abarca, que nunca remata, que desafía ao ceo cando ambos os dous rivalizades a ver quen descompón mellor a gama das cores grisallas. Es misterio, meu mar. O misterio que nunca se resolve. Es a claridade do día e tamén a meirande escuridade da noite, es un espello enorme que reflicte o firmamento, que copia con descaro e fachenda o escintileo das estrelas, que devora o sol en cada atardecer. Sabes rozar a perfección cando pintas encol de ti mesmo as raiolas da lúa. Non tes vergoña, meu mar. Non tes vergoña!

Atlántico, Cantábrico, Mediterráneo, Pacífico, Índico, Exeo, Adriático, Alborán... onde rematas ou onde comezas? Quén coñece a túa xeografía e quén ousa poñerlle un nome? Ven! Achégate! Enche os meus ollos todos de praias. Éncheme os pés de areas. Quero respirarte, meu mar, a pulmón aberto. Enche, logo, o meu corazón de brisa mareira!

Xoga cos cabelos louros das meniñas que andan a saltar as ondas coma se quixeses facerlles trenzas, xoga con elas mil e unha veces, amigo que es do vento, xoga coa costa enteira dacabalo da néboa.

Moitas cores fuches pintando, meu mar, no máis profundo azul do ceo, no mesmo ceo onde pola noite vas pintar esa lúa pequerrechiña que sae sempre de paseo. Cantas veces queres, meu mar, andar de poeta das nosas vidas, co ese teu devalar sen fin, sempre a imprimir unha lembranza nova para que fique na caixa do corazón moi ben agachada. Ai, meu mar, que es sempre un éxtase de lembranzas! Cántas cantigas de amor escribiches nas areas da praia e cuántas veces, inmisericorde asasino, viñeches vestilas coas cores da desgraza?

En sinfonías, en libros, en cadros. Que tes, meu mar, que os artistas todos andan sempre tentar de facer o teu retrato?

Fume de pipa, saudade, noite, silencio, frío, cantouche Manuel Antonio, o noso poeta máis mariñeiro, Celso Emilio deitouse fronte a ti e pensou que eras un camiño. *Cánto do teu sal son bágoas de Portugal?*, preguntouche Fernando Pessoa... Ninguén foi quen de resolver os misterios do salitre e das ondas. Que cantiga andas a cantar, meu mar, que todos queremos copiar as súas notas?

Reflicíteme lúas e soles, astros e planetas. Vaime dicindo con cada onda a boa nova das túas mareas. E despois, inviolábel, maxestoso, prosigue o teu camiño, camiño que camiña, meu mar, todo en ti.

© Xesús Constela Doce, 2006